

UN RECORDO ESPECIAL

Agora que xa vou vella e se me queixan os ósos de que andiven demais, penso no pasado e en toda a miña vida. Na mente vou clasificando tódolos recordos, aínda que algúns resúltanme bastante problemáticos; ben porque quero olvidalos, ou ben porque son tan especiais que non sei onde metelos, como o da máis boa persoa que coñecín nunca: a señora Eulalia.

Eu tiña arredor de 50 anos e aínda residía no pobo onde nacera, a carón da casa da Eulalia. Por contar algo da miña vida, direi que traballaba nunha panadería, que estaba casada e que non tiña fillos e levaba sen pena nen gloria o aquel de non ter descendencia. En cambio, a Eulalia, que enviuvou moi nova antes de poder ser nai, tratou de suplir esa carencia enchendo de agarimo a tódolos raparigos dos arredores.

Os pícaros que vivían no pobo, especialmente tres ou catro de por alí cerca, andaban sempre adorando nela. De cando en vez construía para eles algún xoguete, por Nadal, preparaba a *chocolatada*, que consistía nunha enchedola a base de enormes cuncas de chocolate, biscoitos e outras agradables lambetadas que os rapaciños agradecían con gran alboroto. Daba gusto ver os cativos tan alegres e felices.

Despois da enchedola, ela pedíalles que lle montaran o belén; dáballes unha mesa e deixáballes facer. Todos colaboraban un pouco, traían musgo, pedras, area, garabullos e todo o necesario. Con palla e ramiñas facían o portal e colocaban nel con coidado á Virxe, o San Xosé, o Neno,

o boi e a vaca, e logo ocupábanse do resto, os pastores, as ovelliñas e, como non, os tres Reis Magos, a estrela que os guiaba, un anxo voando e un río prateado que baixaba a modiño polo monte.

De rematada a construción, a Eulalia contáballe a historia do nacemento; así ano tras ano, e os rapaces non parecían cansarse de oír o mesmo relato, máis nunha ocasión ocorreu algo que fixo cambia-las cousas: ó sacar as figuriñas do armario no que estaban gardadas, a bolsa caeu ó chan e romperon case todas. Os nenos estaban desilusionados e xa era bastante tarde para ir mercar outras. Entón a boa da muller púxose a cavilar nalgunha cousa para recuperar aqueles sorrisos que tanto lle gustaba ver. E deu coa solución perfecta: propúxolles ir ver o belén de Begonte. Eles devecí-

an por saber qué tiña de especial máis a Eulalia díxolles que era unha sorpresa.

Primeiro convenceume a min para que os levará a Begonte, e logo ós pais, mais estes sabían que coa señora Eulalia os seus fillos non tiñan perda. Así que un día, collín e metinos a todos na miña vella furgoneta e botámonos ó camiño. Foi boa a sorpresa que levamos, pois non nos imaxinabamos que o belén fora tan grande, tan magnífico. Os cativos miraban todo cos ollos coma pratos, impresionados por aquelas figuras que se movían por si mesmas. O belén semellaba ter vida propia. A todos nos quedou un recordo especial, tanto, que os nenos seguiron indo a velo moitos anos despois; e eu, metida aquí neste asilo, daría canto teño por velo unha vez máis.